		4º-VSCB3.1.2 - . Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.	Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CSIEE
b	Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias.	4º-VSCB3.2.1 - Aмосa boa disposición para ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.	Aмосa boa disposición para ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CAA CSIEE CSC
		4º-VSCB3.2.2 - Emprega axeitadamente estratexias de axuda entre iguais.	Emprega axeitadamente estratexias de axuda entre iguais.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CAA CSIEE CSC
		4º-VSCB3.2.3 - Respecta as regras durante o traballo en equipo.	Respecta as regras durante o traballo en equipo.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC
		4º-VSCB3.2.4 - Emprega destrezas de interdependencia positiva.	Emprega destrezas de interdependencia positiva.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CSIEE CAA
a	Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa empregando o sistema de valores	4º-VSCB3.3.1 - Percibe e verbaliza a necesidade de que existan normas de convivencia nos diferentes espazos de interacción social	Percibe e verbaliza a necesidade de que existan normas de convivencia nos diferentes espazos de interacción social	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL CSC

	persoal que constrúe a partir dos valores universais.	4º-VSCB3.3.2 - Participa na elaboración das normas da aula.	Participa na elaboración das normas da aula.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL CSC CSIEE
		4º-VSCB3.3.3 - Respecta as normas do centro escolar.	Respecta as normas do centro escolar.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC
c m	Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade, coñecendo e empregando as fases da mediación e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.	4º-VSCB3.4.1 - Resolve os conflitos de modo construtivo, con axuda dunha persoa adulta.	Resolve os conflitos de modo construtivo, con axudadunha persoa adulta.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CSIEE
		4º-VSCB3.4.2 - Manexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos e intencións nas relacións interpersoais.	Manexa a linguaxe positiva na comunicación e intencións	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CCL
		4º-VSCB3.4.3 - Analiza as emocións, sentimentos e posibles pensamentos das partes en conflito.	Analiza as emocións, sentimentos e posibles pensamentos das partes en conflito.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CSIEE
a	Comprender a importancia dos dereitos da infancia, valorando as condutas que os protexen.	4º-VSCB3.5.1 - Argumenta a necesidade de protexer os dereitos básicos da infancia	Argumenta a necesidade de protexer os dereitos básicos da infancia		X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CCL
		4º-VSCB3.5.2 - Xustifica a importancia de que todos os nenos e nenas reciban axuda.	Xustifica a importancia de que todos os nenos e nenas reciban axuda.		X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC

		4º-VSCB3.5.3 - . Razona as consecuencias da explotación infantil e a trata de nenos e nenas	Razona as consecuencias da explotación infantil e a trata de nenos e nenas		X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CSIEE
a d	Comprender a correlación entre dereitos e deberes, valorando situacións reais en relación aos dereitos da infancia e respectando a igualdade de dereitos de nenos e nenas no contexto social.	4º-VSCB3.6.1 - Expón verbalmente a correlación entre dereitos e deberes.	Expón verbalmente a correlación entre dereitos e deberes.		X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea.	CSC CCL
		4º-VSCB3.6.2 - Razona a valoración de situacións reais expostas en internet, en relación aos dereitos da infancia.	Razona a valoración de situacións reais expostas en internet, en relación aos dereitos da infancia.		X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea.	CSC CCL CD
		4º-VSCB3.6.3 - Expón mediante traballos de libre creación as conclusións da súa análise crítica das diferenzas na asignación de tarefas e responsabilidades na familia e na comunidade escolar en función do sexo	Expón mediante traballos de libre creación as conclusións da súa análise crítica das diferenzas na asignación de tarefas e responsabilidades na familia e na comunidade escolar en función do sexo			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CCEC CCL CD CMCT CSIEE
d m	Comprender e valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres, a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e o coidado da familia, argumentando en base a procesos de reflexión, síntese e estruturación.	4º-VSCB3.7.1 - Expón de forma argumentada a importancia de valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres, a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e o coidado da familia	Expón de forma argumentada a importancia de valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres, a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e o coidado da familia		X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea.	CSC CCL
		4º-VSCB3.7.2 - Realiza traballos de libre creación investigando casos de falta de corresponsabilidade no coidado da familia presentados nos medios de comunicación.	Realiza traballos investigando casos de falta de corresponsabilidade no coidado da familia			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CD CCL CCEC CSIEE



			presentados nos medios de comunicación.					
h o	Realiza un uso responsable dos bens da natureza, comprendendoe interpretando sucesos, analizando causas e predicindo consecuencias.	4º-VSCB3.8.1 - Aмоса interese pola natureza que o rodea e séntese parte integrante dela.	Aмоса interese pola natureza que o rodea e séntese parte integrante dela.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC
		4º-VSCB3.8.2 - Razona os motivos da conservación dos bens naturais.	Razona os motivos da conservación dos bens naturais.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea.	CSC CCL
		4º-VSCB3.8.3 - Propón iniciativas para participar no uso adecuado de bens naturais razoando os motivos.	Propón iniciativas para participar no uso adecuado de bens naturais razoando os motivos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea.	CSC CSIEE
n	Valorar as normas de seguridade viaria, analizando as causas e consecuencias dos accidentes de tráfico.	4º-VSCB3.9.1 - Colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria.	Colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria.		X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CSIEE
		4º-VSCB3.9.2 - Investiga sobre as principais causas dos accidentes de tráfico coa axuda das novas tecnoloxías.	Investiga sobre as principais causas dos accidentes de tráfico coa axuda das novas tecnoloxías.		X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CD CAA
		4º-VSCB3.9.3 - Expón as consecuencias de diferentes accidentes de tráfico.	Expón as consecuencias de diferentes accidentes de tráfico.		X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea.	CSC CCL CMCT CD

## 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

### METODOLOXÍA EN CASO DE ENSINO PRESENCIAL:

Consideramos que os ***principios metodolóxicos*** válidos para todas as áreas desta etapa son:

- O enfoque globalizador dos contidos, de maneira que as actividades realizadas polos/as alumnos/as supoñan unha interrelación entre as distintas áreas.
- O profesor actuará como guía e mediador para facilitar aprendizaxes significativas aos alumnos.
- A motivación dos/as alumnos/as no proceso de ensino-aprendizaxe farase partindo de situacións que provoquen o seu interese e manteñan a súa atención, ben porque respondan ás súas experiencias e necesidades ou polo seu significado lúdico e imaxinario.
- A necesidade de garantir aprendizaxes funcionais, asegurando a súa utilización por parte do alumno cando o necesite, tanto na aplicación práctica do coñecemento adquirido como na súa utilización para levar a cabo novos aprendizaxes.
- Favoreceremos, na medida do posible, a aprendizaxe cooperativa para impulsar as relacións entre iguais, proporcionando pautas que permitan a confrontación e modificación dos puntos de vista, coordinación de intereses, toma de decisión colectivas, axuda mutua e superación de conflitos mediante o diálogo e a cooperación, superando con iso toda forma de discriminación.
- As aprendizaxes basearánse no principio de actividade, entendida nun dobre sentido (por unha banda como modo de que os/as alumnos/as realicen unha aprendizaxe autónoma e, por outra, establecendo estratexias que os/as leven a unha actividade nos aspectos manipulativos, motrices e cognitivos).
- Terase en conta a diversidade do alumnado, atendendo ás peculiaridades de cada grupo, ás características de nenos ou nenas de

variada procedencia e capacidade, de distinto ritmo de aprendizaxe, etc.

- Adecuarase a utilización de diferentes recursos (materiais, manipulables, textos audiovisuais e informáticos) aos obxectivos que se perseguen e selecciónalos con rigor.

- A **avaliación inicial** servirá como punto de referencia para a actuación pedagóxica co fin de adecuar o proceso de ensino ao progreso real dos alumnos.

### **METODOLOXÍA EN CASO DE ENSINO SEMIPRESENCIAL:**

Intentaremos manternos o máis próximos que sexa posible a esta programación, coa dificultade engadida da redución de sesións anuais, xa que algunhas serían presenciais e outras, non. Buscaremos que nas presenciais os/as alumnos/as traballen os contidos máis destacados de cada unidade e que os practiquen cando non acudan ao centro. Para realizar un seguimento de como levan a cabo as prácticas abriremos canles de comunicación coas familias a través do **correo electrónico**, o espazo **ABALAR**, a **páxina web** do centro e a **aula virtual**.

### **METODOLOXÍA EN CASO DE ENSINO TELEMÁTICO:**

Nesta situación, buscaremos traballar os **contidos fundamentais** de cada unidade, coa dificultade da non presencialidade do alumnado. Faremos uso da **aula virtual** do centro para que poidan visualizar vídeos e informacións diversas sobre cada contido básico así como acceder ás propostas das tarefas e xogos que lles axuden no seu proceso de aprendizaxe. Usaremos o **correo electrónico** e a **aula virtual** para o intercambio de arquivos co fin de facer un seguimento e avaliación continua do grao de desenvolvemento dos contidos a traballar, respectando as posibilidades, recursos e situación de cada alumno/a e familia.

## 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os libros de texto de empréstito serán os materiais de referencia para o día a día na aula. Por outra parte, e para complementar o ensino e axudar na práctica docente, tamén utilizaremos outros materiais para traballar os contidos:

- Fichas de comprensión lectora, en consonancia co Plan de Comprensión Lectora incluído no Plan Xeral de Atención a Diversidade.
- Fichas de traballo das diferentes áreas.
- Recursos multimedia: ordenadores, lousa dixital, libros media, xogos e actividades on-line, vídeos explicativos...
- Fichas de reforzo ou ampliación.
- Libros de lectura.
- Dicionarios, enciclopedias e libros de consulta.
- Material funxible.

Outro recurso moi importante é o noso **contorno inmediato**, tanto o natural como o social.

No Val contamos con parques, xardíns, local social, cooperativa, fogar de maiores, mosteiro de Baltar... e no resto do concello de Narón temos a biblioteca municipal, o auditorio, o pazo da cultura..., así como o resto das escolas que pertencen ao C.R.A. co seu medio.

Todos estes recursos utilizarémolos en diferentes momentos do curso escolar, dependendo das diferentes actividades que teñamos programadas. Tamén utilizamos outros recursos tanto dentro como fóra do concello como poden ser os museos, as áreas recreativas, as praias, o ríos... e todos aqueles que están ao noso alcance e que consideramos importantes para unha educación de calidade.

Non podemos esquecer os recursos humanos cos que contamos, ademais das persoas que traballamos no centro, como os pais, protección civil, policía local, monitores do concello... que adoitan colaborar nas actividades que organizamos.

## **7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO**

A avaliación na Educación Primaria débese apoiar nos seguintes aspectos:

- Os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis curriculares son as referencias para a avaliación do grao de adquisición das competencias e dos obxectivos curriculares.
- A avaliación será continua e global no conxunto das áreas.
- A avaliación continua permitiranos detectar se o progreso dun alumno ou alumna non é adecuado e establecer medidas de reforzo educativo, dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- Avaliaremos tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensinanza e a práctica docente, para o que estableceremos indicadores de logro nas programacións docentes.
- As condicións de realización de todas as avaliacións estarán adaptadas ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

## AVALIACIÓN EN CASO DE ENSINO PRESENCIAL:

		Procedementos			
		Escritos	Orais	Observación directa	Outros
Instrumentos	<ul style="list-style-type: none"><li>• Traballos diversos realizados polo alumnado na actividade diaria da clase.</li><li>• Caderno de clase do alumno.</li><li>• Arquivo individual(PROXECTOS).</li><li>• Actividades de avaliación (libro, fichas fotocopiabes, probas escritas individuais...).</li><li>• Resolución de exercicios e problemas.</li><li>• Actividades interactivas.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Preguntas individuais e en grupo.</li><li>• Participación do alumno/a.</li><li>• Intervencións na aula.</li><li>• Postas en común.</li><li>• Entrevistas.</li><li>• Probas orais individuais.</li><li>• Exposicións orais.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Escalas.</li><li>• Listas de control.</li><li>• Rexistros anecdóticos persoais.</li><li>• Rexistros de incidencias.</li><li>• Ficha de rexistro individual.</li><li>• Diarios de clase.</li><li>• Análise das producións dos/as alumnos/as.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Rúbrica de avaliación (Aprendizaxes, Habilidades xerais, Proxectos).</li><li>• Patrón de avaliación.</li><li>• Autoavaliación.</li></ul>	

## Criterios de cualificación

	<b>Criterios</b>	<b>Peso</b>
<b>1. Traballo autónomo (aula, outros espazos).</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Realización sen axuda externa.</li><li>• Estimación do tempo investido para resolver unha actividade.</li><li>• Grao de adquisición de aprendizaxes básicas.</li><li>• Orde e limpeza na presentación.</li><li>• Caligrafía.</li><li>• Destrezas.</li><li>• Revisión do traballo antes de dalo por acabado.</li><li>• Creatividade.</li></ul>	15%
<b>2. Probas orais e escritas.</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Valoración da aprendizaxe dos contidos.</li><li>• Valoración dos procesos seguidos e dos resultados.</li><li>• Expresión oral do procedemento seguido ao resolver unha actividade. Coherencia e adecuación.</li><li>• Valoración do tempo investido / tempo necesario para resolver unha actividade.</li><li>• Orde, limpeza e estrutura do traballo presentado.</li><li>• Caligrafía lexible.</li><li>• Tempo de realización.</li><li>• Destrezas.</li></ul>	40%
<b>3. Actividades TIC e Aprendizaxe Baseada no Xogo (ABJ).</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Uso adecuado e guiado do computador e dalgunha ferramenta telemática.</li><li>• Uso de Internet, de maneira responsable e con axuda, para buscar información sinxela ou resolver unha actividade.</li><li>• Tipo de participación (autónomo, con apoio, ningún).</li><li>• Grao de elaboración da resposta.</li><li>• Interese, motivación.</li><li>• Respecto polas as normas dos xogos.</li></ul>	10%
<b>4. Participación e seguimento das clases (intervencións orais, tipos de resposta...).</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Nivel e calidade das intervencións.</li><li>• Mensaxe estruturada.</li><li>• Uso de vocabulario apropiado.</li><li>• Comportamento.</li><li>• Esfuerzo.</li><li>• Interese.</li></ul>	20%
<b>5. Traballo cooperativo. Valoración individual e en grupo.</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Grao de comunicación cos compañeiros.</li><li>• Resolución de conflitos.</li><li>• Interese, motivación.</li><li>• Creatividade.</li><li>• Iniciativa.</li><li>• Opinión persoal do traballo e como se levou a cabo.</li></ul>	15%

## **AVALIACIÓN EN CASO DE ENSINO SEMIPRESENCIAL:**

Nesta situación levaremos a cabo os procedementos de avaliación anteriormente expostos e teranse en conta os mesmos criterios que na avaliación para o ensino presencial. Así mesmo, valoraranse as tarefas realizadas polo alumnado nos momentos nos que no acoda ás clases presenciais.

## **AVALIACIÓN EN CASO DE ENSINO TELEMÁTICO:**

### **Procedementos de avaliación:**

- Grao de participación nas actividades propostas.
- Análise das tarefas presentadas por vía telemática (correo electrónico e aula virtual do centro).
- Comunicación telefónica e/ou a través do correo electrónico entre o alumnado/familias e a titora para realizar as aclaracións e as correccións oportunas en caso de dúbidas manifestadas polo alumnado ou en caso de consideralo a titora oportuno á vista das tarefas presentadas.

### **Instrumentos de avaliación:**

- Chamadas telefónicas, correos electrónicos e tarefas propostas a través da aula virtual do centro.
- Asignación numérica dunha cualificación a cada tarefa presentada polo alumnado en función dun valor atribuído previamente a cada exercicio ou parte da tarefa.
- Rexistro da puntuación obtida en cada unha das actividades presentadas.

### **Criterios de cualificación:**

Os criterios de cualificación serán os mesmos que no ensino presencial, aplicándose sobre as producións de cada alumno/a



entregadas a través dos medios telemáticos (correo electrónico e aula virtual do centro).

A avaliación realizada quedará recollida nun informe final de cada alumno/a co fin de que na súa incorporación ao seguinte curso se programen as accións de recuperación oportunas en función das necesidades reflexadas no mesmo.

### **Criterios de promoción**

O/a alumno/a promocionará se domina **os mínimos esixibles** para cada unha das áreas e, asemade, ten **cualificación positiva** nas áreas de lingua castelá, lingua galega e matemáticas. No caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo a súa promoción será valorada individualmente e esta valoración será levada a cabo pola titora e o equipo de mestres que atende a ese neno/axunto co Departamento de Orientación.

Para obter a cualificación final da avaliación ordinaria faremos unha media aritmética das nota obtidas en cada unha das avaliacións nas materias de Matemáticas, Ciencias Naturais, Ciencias Sociais e Valores Sociais e Cívicos. Nas áreas de Lingua Castelá e Lingua Galega levarase a cabo unha avaliación continua.

## 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA

### DOCENTE

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA		RESULTADOS ACADÉMICOS	PROPOSTAS DE MELLORA
<b>Preparación da clase e dos materiais didácticos</b>	Hai coherencia entre o programado e o desenvolvemento das clases.		
	Existe unha distribución temporal equilibrada.		
	O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.		
<b>Utilización dunha metodoloxía axeitada</b>	Tivéronse en conta aprendizaxes significativas. Considérase a interdisciplinaria (en actividades, tratamento dos contidos, etc.).		
	A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.		
<b>Regulación da práctica docente</b>	Grao de seguimento dos/as alumnos/as.		
	Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.		
	Os criterios de promoción están acordados entre os/as profesores/as.		
<b>Avaliación das aprendizaxes e información que deles se dá aos alumnos e ás familias</b>	Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.		
	Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.		
	Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.		
	Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Aos alumnos.</li> <li>• Ás familias.</li> </ul>		
<b>Utilización de medidas para a atención á diversidade</b>	Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.		
	Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.		
	As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.		
	Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.		

## **9. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL**

A avaliación inicial levarase a cabo os primeiros días de comezo dun novo curso escolar para determinar as **necesidades educativas** do alumnado, tanto de individualización para todo o alumnado, como de apoio para alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais.

Tamén servirá, ademais de para a determinación dos plans de apoio, para valorar a necesidade, xunto cos datos proporcionados do curso pasado, de adaptacións curriculares (se fose o caso).

Para o alumnado de cuarto de primaria deseñáronse un conxunto de actividades de avaliación nas áreas instrumentais: Lingua Galega, Lingua Castelá e Matemáticas.

Ademais valórase nas Linguas a expresión oral, a competencia lectora e o vocabulario.

**Os indicadores de logro en Matemáticas son os seguintes:**

- Recoñece a equivalencia entre ordes.
- Descompón números de ata cinco cifras.
- Le e escribe números de ata cinco cifras.
- Escribe números ordinais.
- Aproxima números a un orde dado.
- Suma, resta, multiplica e divide números naturais.
- Calcula a metade e o tercio dun número.
- Suma, resta e multiplica números decimais.
- Pasa de unhas unidades de lonxitude e masa a outras.

- Recoñece distintos tipos de ángulos.
- Clasifica polígonos según o seu número de lados.
- Recoñece os elementos de circunferencias e círculos.

**Os indicadores de logro en Lingua Galega son os seguintes:**

- Comprende o concepto de oración como conxunto de palabras ordenadas con sentido
- Le textos, comprende o seu contido e recoñece o tema e as ideas principais.
- Coñece a variación de xénero e de número dos substantivos.
- Fai a concordancia de xénero e número entre o substantivo, o artigo e o adxectivo.
- Identifica o suxeito e o predicado e completa oracións con predicados apropiados.
- Utiliza o verbo en pasado, en presente e en futuro.
- Aplica as normas que ditan o uso da maiúscula inicial despois de punto e nos nomes propios.
- Coñece as funcións da coma, do punto, do signo de interrogación e do signo de admiración.
- Lembra e aplica correctamente as normas ortográficas relativas ao uso de **c/qu, g/gu, mb, mp, r/rr, br, bl...**
- Escribe as contraccións usuais de artigo e preposición.
- Identifica a palabra intrusa nun grupo de termos e lembra o vocabulario básico relacionado con diversos campos: xoguetes e xogos, animais, plantas, pezas de roupa...
- Redacta textos da vida diaria, seguindo pautas e modelos e axustándose aos formatos dados.

### **Os indicadores de logro en Lingua Castelá son os seguintes:**

- Le textos, comprende o seu contido e recoñece o tema e as ideas principais.
- Identifica e analiza palabras sinónimas e antónimas.
- Recoñece as palabras dunha mesma familia e distingue diferentes familias de palabras.
- Produce diferentes clases de palabras.
- Diferencia e clasifica as palabras por número de sílabas.
- Ordena palabras e forma oracións.
- Analiza diferentes clases de palabras.
- Recoñece e aplica a concordancia entre substantivos, adxectivos e determinantes.
- Utiliza correctamente os tempos verbais.
- Utiliza correctamente e diferencia a función dos signos de interrogación e de exclamación.
- Memoriza e aplica as regras sobre o uso do *m* antes de *p* e de *b*.
- Coñece e utiliza correctamente as diferentes grafías dos sons K, J e R forte.
- Redacta textos da vida diaria, seguindo pautas e modelos e axustándose aos formatos dados.

Os resultados desta avaliación servirannos para saber de onde temos que partir con cada alumno ou alumna, que necesidades presenta e que axuda precisa.

# **10. ENSINANZAS TRANSVERSAIS**

## **Educación para a igualdade entre os sexos**

- Conseguir unha visión do mundo libre de estereotipos sexistas e rexeitar calquera tipo de discriminación por razón de sexo.
- Recoñecer situacións habituais nas que se produza calquera tipo de discriminación por razón de sexo.
- Reflexionar e opinar sobre a igualdade de oportunidades.

## **Educación do consumidor**

- Fomentar actitudes críticas ante o consumo excesivo e analizar o papel da publicidade na incitación ao consumo.
- Interpretar e comprender mensaxes propagandísticas e publicitarias.
- Reflexionar sobre as mensaxes transmitidas a través de calquera sistema verbal e non-verbal.

## **Educación ambiental**

- Servirse das competencias orais e escritas adquiridas para valorar criticamente a propia contorna e interesarse por respectala e melloralala.
- Coñecer os problemas principais que se producen no ambiente e reflexionar sobre as súas posibles solucións coa axuda da linguaxe.
- Respectar os seres vivos.
- Propoñer ideas e posibles solucións que comporten un compromiso persoal para a mellora e mantemento do medio natural.

## **Educación para a saúde. Educación sexual**

- Actuar con autonomía nas actividades cotiás e nas relacións de grupo, asumindo as responsabilidades que lle correspondan.
- Coñecer e practicar hábitos elementais de hixiene, alimentación e coidado persoal que melloren a calidade de vida.

- Coñecer e apreciar os aspectos biolóxicos, emocionais e sociais da sexualidade e concibir a sexualidade como mostra de plena comunicación entre as persoas e de afecto cara aos demais.

### **Educación para a paz**

- Respetar a diversidade lingüística dos inmigrantes e rexeitar calquera tipo de discriminación.
- Coñecer e valorar as variedades dialectais da lingua galega.
- Valorar as tradicións e os costumes doutros países como riqueza.
- Coñecer, comprender e aplicar as normas que rexen o intercambio comunicativo sabendo respectar e aceptar as achegas dos demais.
- Comprometerse na defensa dos dereitos humanos e na superación de todo tipo de discriminacións e de situacións de insolidariedade, así como amosar respecto e ser tolerante coa diversidade de linguas existentes.
- Estimar e valorar a lingua oral e escrita como medio de establecer e de mellorar a relación cos demais.

### **Educación moral e cívica**

- Desenvolver a autonomía persoal e tamén as posibilidades de tomar iniciativas e establecer relacións afectivas nas actividades habituais e nas relacións de grupo.
- Comprender e valorar as características e as calidades das persoas que o rodean, establecendo relacións equilibradas e construtivas.
- Manifestar interese por escoitar, comprender, informarse e poder participar posteriormente en conversas, debates e mesas redondas, respectando a quenda de palabra e valorando as ideas e as intervencións dos outros.
- Implicarse activamente nos diálogos e adoptar unha actitude dialogante nas situacións cotiás que o requiren.
- Valorar a diversidade lingüística do Estado como un feito cultural enriquecedor.

### **Educación viaria**

- Coñecer e respectar as normas básicas para desprazarse como peóns e como usuarios dun medio de transporte.
- Reflexionar sobre a propia conduta como peón, viaxeiro e condutor (bicicleta...).
- Respectar as normas de circulación en calquera circunstancia como medio para previr accidentes.

### **Educación para o lecer**

- Valorar a lectura de fragmentos de obras literarias acordes á súa idade como unha fonte de pracer o gozo estético.



## **11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Entendemos por diversidade as diferenzas individuais entre as persoas e máis concretamente no alumnado do noso C.R.A. concrépanse en diferenzas do seguinte tipo:

- Diferenzas individuais referidas a capacidades, intereses, motivacións, experiencias anteriores, modos de aprender ou estilos de aprendizaxe, medio social no que se desenvolven...
- Diferenzas entre o alumnado do C.R.A.: algúns presentan unha actitude de retraemento e dificultades para relacionarse cos seus iguais.
- Alumnado con necesidades específica de apoio educativo. Enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais, aquel que requira, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta.
- Alumnado pertencente a minorías étnicas ou culturais, en situacións sociais de desvantaxe, con dificultades de acceso, permanencia e promoción no sistema educativo, así como alumnos inmigrantes con descoñecemento ou coñecemento insuficiente da lingua castelá ou galega.

Como docentes neste centro entendemos que:

A atención á diversidade non se centra só en factores individuais nin cognitivos, senón tamén no actitudinal e procedimental. Por iso intentamos dar resposta á realidade do noso contexto educativo, cambiante de acordo á evolución social e económica da zona.

Atender á nosa diversidade non quere dicir so que lexitimemos a desigualdade senón que a entendemos como enriquecemento, xa que as diferenzas son percibidas como tales, nunca como déficits.

A calidade do ensino é a capacidade que ten a escola para ofrecer e propoñer un deseño e unha práctica educativa axeitados á diversidade de capacidades, intereses, motivacións... con unha axeitada dotación de medios materiais e humanos.

Isto supón:

- Ter en conta as características individuais dos nenos/as e adoptar as estratexias e actuacións educativas máis adecuadas en cada caso.
- As distintas actuacións que se deseñen para a atención á diversidade deberán contemplar simultaneamente as capacidades, os intereses e as motivacións do alumnado
- Ter a vontade de buscar propostas que permitan o maior grao de axuste entre, por unha parte, a capacidade de aprendizaxe dos nenos/ñas e as características da acción educativa.
- A estratexia adoptada debe contemplar a oportuna diversificación dos procedementos educativos e instructivos co fin de que todos os alumnos/ás alcancen os obxectivos considerados necesarios para o seu axeitado desenvolvemento e socialización.
- As necesidades educativas dos alumnos/ás proceden das diferenzas individuais, as cales se orixinan na continuidade dos intercambios cos diversos contextos sociais e de aprendizaxe.
- A diversidade refírese a todo o alumnado e é responsabilidade de todo o profesorado. A atención ás necesidades educativas especiais inscríbese no marco da atención á diversidade, pero non toda a diversidade supón necesidades educativas especiais.
- As decisións que pretenden axustar a resposta educativa ás diferentes características do alumnado para que este poida acceder á cultura e desenvolva ao máximo as súas capacidades, afectan ao P.E., ás programacións de aula, e ás actividades de ensino e aprendizaxe.
- A atención á diversidade débese integrar en todo o que facer do centro.

Tomaranse as medidas necesarias para que o alumnado poida recibir a resposta educativa máis axeitada ás súas capacidades, elaborando material para os diferentes grupos con necesidades educativas, elaborando as adaptacións curriculares de ser necesario e confeccionando os horarios cos apoios das especialidades de AL e PT e o resto de titoras que apoian nas aulas onde hai algún tipo de necesidade.

## **Programa/Actividades de Reforzo e Ampliación**

Dende o Departamento de Orientación, facilítase todo o material necesario para traballar con aqueles alumnos/as que teñan diferentes ritmos de aprendizaxe, así como para traballar cando atopamos dificultades no proceso de ensino-aprendizaxe.

A través de reunións periódicas co Departamento de Orientación, póñense en común as dificultades atopadas e trabállase para poder solventalas. Nas mesmas tamén se organiza o traballo para desenvolver o Plan Xeral de Atención á Diversidade con material que reforzará e facilitará o traballo de reforzo, recuperación ou ampliación para levar a cabo de maneira exitosa o traballo ao longo do curso.

## **12. ACCIÓN DO PLAN DE INTEGRACIÓN TIC**

Non hai dúbida de que as novas tecnoloxías ofrecen unha serie de vantaxes tanto para o alumnado coma para o profesorado que fai que as TICs se conviryan nun elemento necesario nos procesos de ensinanza-aprendizaxe. Podemos sinalar as seguintes vantaxes:

Para os alumnos/as, as novas tecnoloxías teñen a capacidade de proveer dunha grande variedade de experiencias de aprendizaxe interactivo, permitindo dar maior flexibilidade ao proceso de aprendizaxe. Así mesmo, as TICs preséntanse como un medio a través do cal os alumnos/as poden aprender significativamente, dado o alto nivel de motivación que esperta neles.

Outra ventaxa das TICs é a que se refire á avaliación dos procesos. A través dos numerosos programas de ordenador os alumnos/as teñen a posibilidade de obter un reforzo positivo cando dan respostas correctas, sendo este feedback beneficioso para a súa motivación e aprendizaxe.

Para o profesorado, as TICs son unha importante e útil ferramenta para apoiar o labor educativo e incluso para facilitar o seu traballo mediante o uso de procesadores de textos, gardando e rexistrando os traballos dos nenos/as con fins avaliativos.

### **Actividades de introducción das TICs na vida diaria na aula:**

Numerosas son as accións levadas a cabo na aula na que se introducen as Tecnoloxías da Información e Comunicación. Algunhas accións concretas que se levarán a cabo serán as seguintes:

**RECURSOS EDUCATIVOS / SOFTWARE:** En cada escola hai polo menos un pc ou portátil co cal o alumnado poderá traballar, experimentar, xogar con diferentes tipos de contido a través da variedade de recursos educativos atopados tanto na web, como en CDs, materiais de editoriais, etc. Ditos programas serán utilizados ben a través do rato do propio portátil/pc, ou ben co Encerado Dixital Interactivo, ampliando así a competencia do alumnado no uso destas ferramentas.

**INTERNET:** Todas as escolas contan con conexión a internet, o cal supón unha ventá a calquera tipo de coñecemento. A través de consultas no google, o alumnado ten a posibilidade de atopar información sobre diversos temas, aprendendo así a realizar búsquedas

efectivas na rede. Isto redundará na competencia de “aprender a aprender”, ademais da “competencia lingüística” e da “competencia dixital”.

**NOTEBOOK:** É o software específico do Encerado Dixital.

## **13. PROXECTO LECTOR**

O obxectivo xeral do noso Proxecto Lector é desenvolver o hábito lector e mellorar a competencia neste ámbito. Deste xeito a biblioteca será o espazo dinámico que favoreza o obxectivo anterior.

Serán tamén obxectivos deste proxecto os seguintes:

- Formar lectores competentes.
- Crear e consolidar hábitos de lectura.
- Implicar a todo o profesorado tanto no deseño como na posta en práctica do proxecto anual de lectura.
- Actuar para salvar as dificultades de lectura e escritura que se dan no noso centro.
- Fomentar a lectura de todo tipo de textos nos diversos soportes e con distintas finalidades: ocio, información, aprendizaxe...
- Informar ás familias da relevancia da lectura e implicalas no proxecto lector.
- Crear espazos e tempos adecuados para promover o hábito lector.
- Dinamizar a biblioteca de aula a través de actividades motivadoras.

Na educación primaria a lectoescritura é un instrumento básico de soporte para todas as aprendizaxes e áreas do currículo, pero non só se usa como soporte para outras áreas senón tamén como unha actividade con identidade propia.

As prácticas lectoras que imos levar a cabo son entre outras:

- Lectura diaria durante 15- 20 minutos.
- Lectura de todo tipo de textos: informativos, poéticos, publicitarios, narrativos, descritivos..., usando para tal fin calquera tipo de soporte: revistas, xornais, enciclopedias, medios audiovisuais, libros da biblioteca de aula...

- Actividades de fomento da comprensión e expresión oral e escrita.
- Lectura ou interpretación de contos e outros textos breves.

Contamos cunha biblioteca de aula que nos permite o seu uso no tempo que transcorre entre actividades da rutina diaria e así como facer o préstamo de libros para que cada fin de semana o alumnado leve á casa, xunto con unha ficha na que teñen que facer entre outras cousas, un resumo do libro e un debuxo alusivo ao mesmo. Esta é tamén unha das maneiras de implicar ás familias no noso proxecto lector.

## **14. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS**

Este curso **as saídas e excursións** dependerán das circunstancias nas que nos atopemos en relación coa Covid-19.

Se desde o Concello (ou calquera outro estamento) nos ofertan actividades para realizar que resulten interesantes, realizáremolas, cumprindo en todo momento cos protocolos vixentes nesa data.

Estas actividades desenvolveranse ao longo do curso dependendo de:

- a) A posibilidade de manter as condicións de seguridade impostas pola pandemia.
- a) A posibilidade de acollida nos lugares da visita, circunstancia que pode levarnos a adiala no tempo ou substituíla por outra.
- b) O prezo da actividade programada sexa aceptado pola maioría dos pais/nais do alumnado, circunstancia que pode levarnos á busca doutra con mellores condicións ou unha alternativa das gratuítas que se nos oferten ao longo do curso
- d) Que as condicións meteorolóxicas non impidan a súa realización.

Os criterios seguidos para o desenvolvemento das actividades complementarias son os seguintes:

- Que sexan educativas e motivadoras para o noso alumnado.
- Que estean relacionadas cos obxectivos programados e, sempre que sexa posible, ubicalas no tempo acorde coa programación, xa que son un complemento e ampliación das actividades desenvolvidas dentro da aula.
- Que fomenten a relación do neno/a co seu contorno natural, social e cultural.
- Que se consideren como un día lectivo normal, dando a maior continuidade posible ás tarefas lectivas.
- Que non supoñan un gasto excesivo para as familias, tratando de remediar co apoio de todos aqueles casos coñecidos polo profesorado no que as ausencias teñan unha base económica.



- Que consistan en algo novidoso, que os alumnos/as non vexan ou fagan acotío.
- Que asistan todos/as os/as nenos/as, prevendo nos casos fundamentados e razoados, a permanencia dun profesor na sede que atenda ao alumnado das diferentes escolas.

**Actividades complementarias ao longo do curso:**

- Saídas da escola ao seu contorno para observar os cambios estacionais, para realizar andainas, visitar algún lugar de interese...
- Celebración do magosto.
- O Nadal.
- O Entroido.
- Día da Paz.
- Día da Constitución.
- Día das letras galegas.
- Festa fin de curso.